REPSOL YPF

XVI. CONCURSO DE RELATOS CORTOS

REPSOL - YPF

Segundo Premio en Versión Galega

Título: "A MALDICIÓN DA SEMANA SANTA"

Autora: Mª CRISTINA GÓMEZ ESTÉVEZ

Centro: I.E.S. GERMAN ANCOCHEA de POBRA DE TRIVES (OURENSE)

AÑO 2.003

LEMA: ***CRISOL***

A MALDICIÓN DA SEMANA SANTA

Agora que o penso, todo comezou o domingo de Ramos, cando o crego dixo: "podedes ir en paz", nese momento Xabier díxome ó oído que os seus avós nos invitaran a tódolos amigos a pasar uns días na súa casa da aldea. Cada un de nós tiña unha opinión distinta sobre a relixión, (algúns crían cegamente e outros eran ateos) pero as nosas familias eran todas moi relixiosas e, máis que nada para evitar discusións, todos acudiamos á igrexa nos días máis sinalados.

Á saída estabamos todos moi emocionados e reunímonos na casa de Saúl para planifica-la nosa viaxe. A partida sería aquela mesma tarde, os nosos pais non nos puxeran impedimentos de ningún tipo.

Metemos toda a nosa equipaxe (que incluía roupa de moito abrigo, lanternas e os nosos diarios) no coche e emprendemos o camiño de máis de oitenta quilómetros ata un lugar perdido na metade da montaña. Iamos ter toda a casa para nó-los cinco, os avós de Xabier había moito tempo que se mudaran á cidade pola falta de comodidades no seu lugar de orixe. Tardamos unhas dúas horas en percorrer setenta quilómetros porque, o camiño estaba cheo de buratos e era practicamente intransitable. Chegados a este punto, non puidemos seguir co noso pequeno utilitario, xa que ós dez quilómetros que restaban percorrían a través dun camiño de terra totalmente anegado polas fortes chuvias dos últimos días. Deixamos alí o coche xa que, por aquel lugar non criamos que pasara demasiada xente, así que, cargados coas nosas mochilas comezamos a camiñar cara o lugar.

Despois dunha hora e media aínda non albiscabamos a aldea. Facía xa máis de media hora que o camiño desaparecera da nosa vista e no canto deste, iamos campo a través sen saber moi ben cara onde. Xabier era o "guía da expedición" xa que era o único que fora a aquel lugar algunha vez. O ambiente entre nós estaba a quentarse, despois de tanto camiñar, da aldea non había rastro, así que Saúl e Xabier comezaron a discutir acaloradamente.

-Pero vamos a ver ¿Estás seguro de que é por aquí?

-Home, seguro, seguro... creo que si.

-¿Como, que creo? Ou si ou non.

-E que só vin dúas veces e era moi cativo.

-¿P[illegible]o ou practicas tódolos días?

-O[illegible]s ti, que se che ve ata na cara e, se tanto sabes, guíanos ti, listiño.

-Pois [illegible] que o facía mellor ca ti porque a ver ¿onde estamos?, ¡xa sei! Estamos xusto aquí, no cu do mundo, entre unha mata de xestas e outra de toxos.

-¡Que listo es! ¡Como coñéce-las plantas! Serás tolo.

-Máis tolo ca ti, imposible.

-¿Ai si? ¿A que non mo dis á cara?

-Claro que si,¡tolo! E se queres, cunha puñada acabo de explicarcho.

-Ti e cantos máis, becerro.

- Iso túa nai.

-Eu serei becerro pero a ti o de xabaril non cho quita nin o teu pai ¡ben que se nota que fozas entre os toxos que tan ben coñeces!

Menos mal que interveu María:
-¿Queredes deixalo xa? O que estades a facer é perde-lo tempo e conseguir que se faga de noite antes de chegar ó destino, a ver, os dous machiños, subide a aquela árbore que é ben alta e mirade a ver se albiscades algunha luz, que xa é case de noite e no lugar ten que haber algunha luz acesa.
Agatuñaron pola árbore a empuxóns, cando xa estaban a piques de chegar ó cumio case caendo a forza de pelexar, Xabier comezou a berrar coma un tolo dicindo que estaba a ver unha luz. Coa alegría, pasóuselle-lo enfado e, prendendo xa as lanternas pola escasa visibilidade emprendemos de novo o camiño que desta vez nos levou sen máis contratempos ata ó noso destino.
O lugar era pequeno e costento. Á chegada recibíronnos uns cans e, aínda que estabamos moi cansos, fixemos en tempo récord os trescentos metros lisos ata o noso lugar de descanso. A casa era grande e fría. Tiña seis habitacións estilo colonial na planta baixa e tres no primeiro piso. A cociña era de leña e o salón, unha estancia enorme presidida por un enorme cheminea. A parte disto, tiña un faiado poeirento cheo de trastes vellos.
Estabamos tan cansos que nin ceamos, puxemos os nosos sacos enriba das camas e deitámonos.
Alá pola media noite, cando xa estabamos todos durmidos, os cans da aldea comezaron a ladrar sen parar, espertándonos a todos, máis cando saímos a ver que pasaba, non puidemos observar nada máis que un grupo de sombras que se afastaban. Supuxemos que era xente do lugar que tivera que saír por algún motivo, así que volvemos a durmir ata pasadas as once da mañá.
A mañá seguinte apareceu presidida por unha densa néboa. Despois dun almorzo lixeiro saímos para percorre-lo lugar e ver se lle atopabamos unha explicación ó balbordo da noite pasada.
O lugar non era moi grande. Tódalas casas eran de pedra e os camiños que transcorrían entre elas, estreitos cavorcos de difícil tránsito.
No noso percorrido, non atopamos ningún aldeán polo pouco que puidemos observar a través da néboa, os lugareños subsistían, a base do que lles proporcionaban unhas pequenas hortas e a carne e o leite dos seus propios animais.
Volvemos á casa para face-la comida. Non nos foi nada fácil xa que descubrimos que prender unha cociña de leña era máis complicado do que nós pensabamos. Ó rematarmos de frega-la louza a néboa disipárase e só había uns negros nuboeiros que ameazaban treboada.
Decidimos saír de novo e, desta vez atopamos o que parecía unha vella cantina. Cando entramos, tódalas miradas dos alí presentes se pousaron en nós. Pedimos algo de beber e, o cantineiro, con cara de poucos amigos, antes de servirnos, someteunos a un terceiro grao. Ó dicirlle quen eramos, serviunos o que pedimos con moito gusto, pero avisounos de que aquela época non era a mellor para visitar o pueblo, e, sobre todo, que tiveramos coidado despois de anoitecer, que non sairamos da casa e que pecharamos ben as portas e as fiestras. Intentamos esclarecer o porqué, pero o home pechouse en banda e non soltou prenda. Mentres todo isto ocorría o resto da xente alí presente non nos quitaba ollo de enriba e mantiñan un silencio sepulcral. Pouco a pouco foron marchando todos e o cantineiro botounos de alí dicindo que estaba a piques de escurecer e ía pecha-lo local. Emprendemos o regreso. Os cans xa se habituaran a nós.

Ceamos, deitámonos e intentamos durmir aínda que todos estabamos inquedos pola conversación que mantiveramos no bar.
A mesma hora que á noite anterior, escoitouse, outra vez o mesmo balbordo. Desta vez xa estabamos alerta e saímos á rúa a todo correr.
Coas presas, esquecemos as lanternas. A néboa volvera a pousarse sobre a aldea pero, puidemos distinguir máis de preto as sombras, eran medio humanas e parecían recorre-lo pobo en procesión.
Nese momento, recordamos a advertencia do cantineiro, e , sen pensa-lo dúas veces botamos todos a correr cara a casa.
Xa de volta, prendemos a cheminea do salón e iniciamos unha discusión sobre o que cada un de nós cría a propósito do que acababamos de presenciar. A mañá chegou con nós no salón sen chegar a ningún acordo, así que decidimos volver á cantina para preguntarlle ó cantineiro. De paso pretendiamos facernos con ovos e leite. Os pais de Xulia dixérannos que os poderiamos conseguir comprándoos en calquera casa pero ningunha das múltiples portas ás que chamamos se abriu e o lugar seguía deserto. Parecía unha aldea fantasma.
A cantina si estaba aberta pero o cantineiro non moi disposto a falar, non nos aclarou demasiado. Soamente puidemos sonsacarlle que eran cousas "do outro mundo" e que era moi perigoso.
Xa estabamos cansos de tantas cousas estrañas así que por unanimidade decidimos chamar ós avós de Xabier para ver que tipo de broma era aquela de "cousas do outro mundo" e se recibían así a tódolos visitantes.
A casa non tiña teléfono pero, por sorte, os nosos móbiles tiñan cobertura así que, poñendo o de Saúl na opción de mans libres, procedemos a face-la chamada. Respondeunos o avó de Xabier.
Contámoslle o sucedido nos últimos dous días e, cando lle preguntamos que pasara, despois dun longo silencio, díxonos que volveramos á cidade canto antes que era moi perigoso, el xa cría que non sucedía nada daquilo, se non, non nos houbera deixado marchar. Nós contestámoslle que xa estabamos fartos de tanto perigo e non nos iamos ir, soamente queriamos saber qué pasaba e , se ninguén nolo dicía, aquela mesma noite pescudariámo-lo nós. O avó rogounos que non fixesemos iso e contounos unha historia moi vella, pero se realmente queriamos máis detalles, debiamos falar con Evaristo, un veciño que vivía nunha casa un pouco arredada do lugar. Advertiunos tamén que toda a xente o tiña por tolo e que o seu relato nos ía amedrentar moito.
Despois das declaracións e de dicirnos que tiña máis de cen anos puxémonos de camiño cara á casa dese escuro personaxe.
Tivemos que petar e berrarlle con moita insistencia para que nos abrira pero, polo visto fora moi amigo do avó de Xabier e gracias a isto puidemos pasar. Só fixo falta que lle preguntaramos "¿Que está a pasar aquí?" para que el comezara o seu relato. Ningún de nós o interrompeu, estabamos moi sorprendidos co que el nos estaba a contar:
-"Xa vai un século dende que esta desgracia caeu sobre esta aldea".
Un verán chegou ata aquí un viaxeiro. Dixo que viña en busca de paz e [illegible]. Comprou unha casa aquí (a que parece un castelo que está a carón da igre[illegible] e instalouse. Traía consigo catro arcas ateigadas de libros. Nós admitímo-lo como un veciño máis e tódolos do lugar nos puxemos moi contentos cando decidiu abrir un pequeno xornal, noutrora, este lugar era grande e o centro de mercado doutros aldeas próximas. Eu era un dos seus colaboradores e a máis de min había outros once homes traballando para el. Pagábanos moi ben e o traballo non era moi duro, pero aínda así, era un tipo raro. Non quería amigos ía sempre cuberto cunha capa negra e a súa face era moi branca. De vez en cando oiámo-lo falar en latín e con voz profunda, pero

pensabamos que era un estranxeiro e que ó mellor para el iso era normal. Tiña unha habitación chea de libros estraños e na súa casa había obxectos que daban arrepío (caveiras e debuxos de diaños e outras cousas polo estilo) que nos facían sospeitar del. Un día que fomos á súa casa para recibi-los salarios mensuais atopámolo no medio do salón ofrecéndolle ó demo a sangue dun cordeiro que acababa de matar, saímos correndo de alí e reunímonos no local que tiña para o xornal. Estabamos todos moi amedrentados. Ó pouco rato chegou el dicíndonos que todo aquilo fora unha broma para asustarnos, xa que sabía que hoxe iamos recolle-lo noso diñeiro e que quería invitarnos a todos a come-lo año para celebra-lo bo funcionamento do negocio. Todos receábamos un pouco, pero, un tras outro, fómolo seguindo ata a súa casa.
Ó chegar díxonos que o cordeiro estaba no forno. Pero antes de comer, quería ensinarnos algo. Levounos por un labirinto de corredores e abriunos as portas dunha escura habitación sen máis mobles que unha gran mesa de mármore e un pequeño aparador. A habitación non tiña máis portas e a única fiestra estaba enreixada. O chan era de pedra negra. Todos nós estabamos desconcertados, pois alí non había nada que ver. Díxonos que nos achegásemos á fiestra e, cando estabamos todos xuntos intentando mirar a través dela, accionou unha panca situada a carón da aparador e, de súpeto, unhas grosas e fortes reixas baixaron deixándonos presos antes de ter tempo de reaccionar. Despois disto, sacou da aparador un gran coitelo e feríase na man con el deixando caer o seu sangue nun cáliz de ouro mentres invocaba ó demo en latín.
Un anaco máis tarde un lóstrego entrou pola fiestra e traspasouno. Cando volveu cara nós os seus ollos eran completamente negros.
Abriu a porta da nosa gaiola e todos retrocedemos, mirou a un de nós ós ollos. El (non quero recorda-los seus nomes) quedouse moi quedo mentres Olegario o arrastraba cara fóra. Púxoo enriba da mesa e atouno cunhas correas de coiro.Colleu da aparador un gran libro coas páxinas en branco e unha pluma para escribir. Nese momento agarrou o coitelo e cravoullo no corazón. Ó mesmo tempo recollía o seu sangue no cáliz e escribía no libro con ela.
Despois, facendo gala dunha gran forza, colleuno e levouno fóra da habitación. Non sabiamos que ía facer con el pero, ó mirar pola fiestra que daba ó cemiterio, vimos como o enterraba. Ningún de nós dicía nada, o espanto era demasiado grande para poder pronunciar palabra. Cando regresou, abriu de novo a porta das reixas e mirou a outro de nós e volveu a comeza-lo pesadelo, un a un foino facendo con todos. Eu era o último e só pensei que non lle podía mirar ós ollos,¡non mirarlle ós ollos! pecheinos e sentín como abría a gaiola. Notei como me arrastraba ata fóra dela cunha forza impresionante. Nese momento de desesperación,(non me preguntedes como se me ocorreu nin como o fixen, porque , despois dun século aínda non o sei) abrín os ollos de súpeto e deille un couce con todas as miñas forzas que fixo que me soltase e se anicase. O lóstrego volveu recorreu de novo a Olegario.
Mentres tanto, saín daquel cuarto e botei a correr, corredores e máis corredores. Penso que tardei unha eternidade en atopa-la saída. Fun cara a miña casa e tentei contárllelo á miña familia, mais pensaron que toleara. Tentei dicírllelo ó resto da xente, mais ninguén me tomaba en serio. Decidín amosárlle-los nichos nos que Olegario os enterrara pero, con iso, só conseguín que pensaran que eu fora o asasino. Ó cabo duns días, prendinlle lume á súa casa mentres el estaba no seu interior pero non sabía que a morte del non influía nada no que, ano tras ano, ocorre nesta aldea por Semana Santa.

O que vós vistes foron os meus amigos, que durante estas datas saen para contar a todos "o que lles ocorreu".

Cando lle preguntamos se había algunha maneira de que os mortos non volveran a aparecer xamais contestounos que non o sabía, que para iso habería que volver á casa na que vivira Olegario e que el mesmo queimara pero, durante a súa vida el fora incapaz de regresar ó lugar do seu pesadelo.
Aínda quedaban un par de horas para que anoitecera así que, por unanimidade decidimos ir ata a casa na que sucedera todo.
A casa estaba case en ruínas pero, o incendio non acabara de destruíla. A porta ardera polo que non atopamos ningún impedimento para entrar. O que parecía o salón estaba totalmente calcinado, pero no primeiro andar todo permanecía case intacto. Había infinidade de habitacións e corredores e fomos pasando dunha estancia a outra sen atopar nada interesante a non ser a multitude de obxectos satánicos que se amoreaban en tódolos cuartos. Pasamos ó segundo andar e chegamos a unha porta pechada con chave. Alí non había indicios de lume.
Como non sabiamos outro método abrímola á forza de golpes e couces, recorrémola sen atopar nada ata que Saúl se deitou na cama e deixou caer unha man coa que alcanzou os ferros de debaixo da cama e, tocándoos, accionou un mecanismo que abría un espacio pequeno por riba do cabeceiro da cama, alí había un pequeno libro que, descubrimos, era o diario de Olegario. De seguro o contido sería interesante, como xa era entre lusco e fusco, volvemos ás presas para a casa. Despois de cear, sorprendeunos a mañá lendo o diario do bruxo, liámolo en alto e, cada certo tempo, cambiabamos de lector. Xa no remate, narraba o ritual que tiña que seguir. O diario non tiña datas.
"Xa está todo preparado. Os doce están escollidos, son os traballadores do periódico. Non facía falla tanta xente para face-lo periódico pero collín os doce para telos a todos xuntos o día do ritual. Despois do pacto co señor das tebras por fin chegarei ó cumio dos meus obxectivos, con el acadarei a eterna xuventude. Só teño que sacrificar a doce persoas e escribir no libro que estiven preparando para tal fin co sangue do corazón das víctimas o conxuro adecuado asinándoo coa miña propia sangue, e serei inmortal. Non é nada en comparación cos beneficios recibidos. Se algo sae mal e non podo acaba-lo ritual os que xa estean mortos, resucitarán para dicirlle a todos o que eu facía con eles (por sorte só na semana santa) e, non deixarán de volver ata que alguén queime no cemiterio o libro no que escribín o conxuro co sangue das víctimas, ás doce da noite do sábado santo, é improbable que algo falle e, aínda que isto ocorrera non creo que ninguén saiba como parar a eses mortos. O libro segue no seu agocho, e alí seguirá despois do ritual, na caixa de madeira negra do soto pero, a entrada deste está debaixo da gran cómoda do salón, non creo que ninguén a atope".
Despois disto e vendo que as tebras da noite deran paso a un día escuro, puxémonos en marcha cara a casa do bruxo.
Non sen dificultades, retirámo-los restos da cómoda e accedemos ó soto.
A caixa estaba nun pequeno altar de madeira e collémola sen máis espera, fomos ata o final do corredor, alí había unha habitación chea de horrores. Os esqueletos amoreábanse, tanto humanos como de animais. Eran máis víctimas dos holocaustos de Olegario.
Saímos correndo e, xa de volta na casa abrímo-la caixa a marteladas, estaba pechada con chave. Comprobamos que o libro era voluminoso, o seu tacto estraño, pero estabamos decididos a acabar dunha vez con aquel meigallo.
Non sei de onde sacamos o valor, creo que ningún de nós fixo un alto para pensar nos riscos da nosa empresa.
O sábado estabamos todos realmente convencidos do que tiñamos que facer. Ó día amenceu escuro, dirixímonos ó cemiterio para preparalo todo: puxemos unha morea de leña seca, así, cando se achegara a hora, fariamos unha fogueira, o volume do libro non

era adecuado para tentar queimalo doutra maneira. Volvemos para a casa pero ninguén foi quen de comer, cos nervios todos tiñamos o estómago revolto.
Pouco a pouco, a noite foise achegando. A inquedanza dominábanos mais ninguén dixo nada sobre deixalo e marchar. Ás once e media fomos de novo ata o cemiterio e prendemos a fogueira,de alí a pouco empezamos a notar ruídos. O medo era enorme. Achegámonos máis uns a outros e non nos movemos do sitio. Cando o reloxo da igrexa deu as doce botamos o libro ó lume. Os mortos estaban a espertar e rodeábannos. O pánico non nos deixaba mover pero o libro comezou a arder, os mortos proferían uns berros horribles que endexamais esqueceremos e volveron cara as tumbas. O meigallo estaba desfeito. A nosa ledicia foi entón moi grande e saímos do cemiterio rapidamente. Cando chegamos á casa deitámonos, había moito tempo que ningún de nós descansaba. Durmimos ata ben entrada a mañá e despois fomos facerlle unha visita a Evaristo para contarllo todo.
Bágoas de ledicia corrían polas súas meixelas e decidiu axudarnos a chegar ata o coche, ese era o derradeiro día das nosas "vacacións".
Recollemos tódalas nosas cousas e el levounos sen contratempos ata o automóbil. Polo camiño descubrimos que era un velliño moi simpático capaz de camiñar máis de presa ca nós. Ó chegarmos á estrada e ve-lo noso coche intacto despedímonos del que nos agradeceu fervorosamente o que conseguiramos, non sen antes prometerlle que volveriamos por alí no verán para poder gozar sen impedimentos daquel lugar. No coche fixemos un pacto de silencio, só llelo diriamos ós avós de Xabier, ós que seguro ía aledar a nova.
Eu decidín facer dos apuntes do meu diario unha narración, para poder lela cando, co paso dos anos vaia esquecendo algún detalle destas vacacións tan distintas.
Agora, cando nos preguntan que tal de vacacións soamente poderemos dicir: **SORPRENDENTES.**